



¿QUÉ PASA EN NEGOCIOS E PROFESIONAIS?

Coa iniciativa de Barcelona no sentido de levar adiante mobilizacións para afrontar as medidas adoptadas pola empresa e que ocasionaban un gran malestar entre os traballadores/as desta área nos distintos centros, iniciábase un proceso de posta en común para intentar conseguir correxir a situación.

Na Coruña, por parte de CIG, propuxemos a celebración de assembleas do Comité no Centro de traballo que se celebraron o 27 de maio, nas que constatamos que o malestar doutros centros tamén se daba aquí así como a disposición dos traballadores de mobilizarse para modificar as condicións laborais actuais.

Nas propias assembleas, por parte dalgún sindicato xa se falara de que había pendente para o día 1 de xuño unha reunión coa empresa, que todos supoñiamos que sería da Mesa de Comercial, pero que resultou ser unha reunión só entre a Empresa, CC.OO. e UGT. A empresa responde de maneira positiva aínda que bastante vaga as reivindicacións que lle plantexaron os dous sindicatos. Concretamente a Directora de Relacións Laborais responde por escrito á carta que lle enviaran: *“... Concretando los puntos relacionados en su escrito, entendemos que puede resultar positivo aplicar los porcentajes pactados, dejando sin efecto los ajustes realizados, arbitrar los mecanismos oportunos para que se flexibilice el tiempo dedicado a la comida, incidiendo dicha flexibilidad en la segunda parte del turno partido establecido, acometer las acciones necesarias para la realización de los cambios de turnos, y en definitiva, desarrollar las vías de dialogo, para que en el seno de la Comisión de Comercial podamos afrontar de forma conjunta todas las cuestiones que contribuyan al buen funcionamiento de los centros de Negocios y Profesionales, y a la mejora de las condiciones laborales, no dudando que todo ello contribuirá a la consecución de los objetivos de la Compañía con la mejora del clima laboral. Por último, respecto al punto primero de su escrito podríamos concretar que la regularización de la situación actual se implementará en la próxima rueda de turnos que entrará en vigor a partir del día 10 de junio”*.

O día 3 de xuño celebrouse Pleno do Comité en Coruña e no punto adicado o tema de Profesionais o Presidente do Comité plantexou que sería convinte desconvocar a folga anunciada toda vez que se chegara a un acordo coa empresa.

Por parte de CIG solicitamos información de si fora na Mesa de Comercial onde se chegara ó acordo, pedimos o documento do acordo e plantexamos a necesidade de novas assembleas de Comité para informar os compañeiros e que estes evaluaran a conveniencia de desconvocar ou seguir coa convocatoria.

Como CC.OO. e UGT consideraban que no eran necesarias assembleas de Comité porque eles iban a facelas cos seus afiliados e nós mantivemos a nosa proposta porque asumíamos o compromiso adquirido cos traballadores nas anteriores assembleas de

seguir realizando asambleas do Comité, houbo votación. A proposta de celebración de asambleas do Comité foi rexeitada:

Votos a favor: CIG, CGT e STC

Votos en contra: CC.OO. e UGT

Visto como están as posicións sindicais na Coruña, cabe preguntarse se en todos os sitios é igual. A resposta é non.

Os Comités de Barcelona e Madrid e os sindicatos Co.bas, AST, CGT, STC, En Construcción, e UTS apostan por levar adiante mobilizacións.

Na reunión celebrada en Madrid o pasado día 2 de xuño elaboraron a seguinte táboa reivindicativa:

1º) Exixir o canbio dos actuais porcentaxes de turnos para facer compatible a vida laboral coa familiar cun 50% de turnos de mañá e que os turnos partido non rematen máis tarde das 19 horas, estudiando a posibilidade do turno de tarde.

2º) Exixir medidas inmediatas e diferentes ás anteriores para eliminar os riscos psicosociais en Comercial PNP recuperando así a saúde no traballo, simplificando as aplicacións actuais.

3º) Exiximos que se concedan todos os cambios de turno primeiro no centro de traballo e que non se discrimine as ASC en esto, e no conxunto das condicións laborais (cambio de gardas, vacacións, etc.) polo modo de atención ó que a empresa o asigna (desarrollo, recorrido e alto potencial).

4º) Eliminar as escoitas e as gravacións, aumentando a formación real e presencial.

5º) Aumentar o cadro de persoal actual mediante convocatorias.

Están a punto de concretar unha convocatoria de folga a nivel estatal de carácter indefinido e dunha hora semanal, da que en canto se coñozan os detalles informaremos a todos.

A CIG está por que sexan os traballadores, de maneira unitaria, convocados polo comité e coas distintas posicións sindicais sobre a mesa, os que decidan sobre que accións tomar. Pero esa posibilidade, que ó noso entender é a mellor maneira de afrontar as problemáticas dos traballadores, nesta ocasión quedou frustrada pola decisión de outros. Non obstante asumimos o compromiso de trasladarvos toda a información que vaiamos coñecendo.

Tamén consideramos moi importante coñocer a túa opinión sobre toda esta problemática polo que estamos a elaborar unha enquisa na páxina web. Invítamoste a participar.

Sección Sindical CIG Telefónica
A Coruña, 7 de xuño de 2005

www.cigtelefonica.com